

DEPARTAMENTO DE MÚSICA

PROGRAMACIÓN da materia MÚSICA E. S. O.

I. E. S. SÁNCHEZ CANTÓN

CURSO 2021-2022

PROGRAMACIÓN 2º ESO

Índice

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
3. Concreción dos obxectivos.....	10
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:	.. 11
• Temporalización	
• Grao mínimo de consecución para superar a materia	
• Procedementos e instrumentos	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia	14
6. Materiais e recursos didácticos	15
7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	15
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente	18
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	19
11. Medidas de atención á diversidade	19
12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	20
13. Actividades complementarias e extraescolares	20
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	21
15. Plan de reforzo para alumnos repetidores	21
16. Medidas educativas no contexto Covid-19	21

1. Introducción e contextualización.

A área de música na educación secundaria obrigatoria concíbese como continuidade do ensino musical en primaria e, por iso, debe afondar nos coñecementos, capacidades e actitudes desta primeira etapa. En secundaria a aproximación ó musical debe ser, non obstante, máis específica e analítica, de acordo coa evolución das características do alumnado, que experimenta un progresivo desenvolvemento da súa capacidade de abstracción; por conseguinte, o carácter máis global que a área de educación artística presenta na etapa da educación primaria -ó recoller nunha mesma área a educación plástica, musical e a dramatización- sucede, na secundaria obrigatoria, unha aproximación ó fenómeno artístico máis diferenciada e analítica. Sen embargo, esta diferenciación débese producir de forma progresiva, de maneira que os bloques de contido da área de educación artística conflúan noutros de natureza equivalente no primeiro ciclo da ESO, ó igual que deben ser similares a metodoloxía e a avaliación, dada a idade do alumnado.

Debido a este carácter máis diferenciado e analítico, a área de música para a secundaria obrigatoria deberá contribuír á formación integral do individuo a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, así como ó afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica ante a creación e a difusión da música na nosa sociedade.

A música ten, sen dúbida, unha destacada presenza na vida cotiá dos adolescentes e, en consecuencia, debe ter na educación. Por tanto, é necesario insistir na transcendencia da cultura musical como parte da formación integral do individuo. O seu ensino contribúe a forma-la súa sensibilidade artística e a comprende-las manifestacións culturais ó longo da historia e, moi especialmente, as propias da nosa Comunidade Autónoma.

O estudio desta área debe formularse como unha consolidación da formación musical do alumnado, ó tratarse da derradeira etapa na que a materia é obrigatoria. O ensino debe orientarse, pois, cara a un afianzamento da percepción e da sensibilidade musical dos rapaces; cara a un dominio dos fundamentos da expresión e da interpretación musical e cara ó entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade.

Neste senso é doado lembrar a tradición musical do noso centro, o mais vello da cidade, que con a afamada agrupación "Coro dos Cantores do Instituto" educou musicalmente a varias xeracións de pontevedreses desde os anos cincuenta do pasado século. Os profesores que imparten a materia no Departamento, D. Fernando Olbés Durán e Dona Soledad Estévez Vila, confirman dita tradición, durante moitos anos como integrantes do mesmo e como Director o primeiro, durante varios cursos escolares.

A pesares de ser o centro un dos mais solicitados da cidade e por conseguinte con unhas ratios moi elevadas, os resultados dos nosos alumnos, como pode comprobarse nas memorias dos últimos anos, alcanza cifras de mais do 92% de superación da materia en convocatoria ordinaria e practicamente do 100% na extraordinaria. Os alumnos que teñen a materia pendente de cursos anteriores solen proceder doutros centros e os alumnos repetidores non son especialmente numerosos, facéndoo de tódolos xeitos a gran maioría, coa materia de música superada. Desta maneira, as programacións didácticas que a continuación se presentan pretenden dotar a todos os protagonistas do proceso educativo dunha ferramenta útil e sinxela para a organización e seguimento da práctica docente que fagan posible a continuación dos bos resultados anteriormente expostos, adaptando a metodoloxía e criterios didácticos utilizados polo departamento nos derradeiros cursos ao espírito da lexislación vixente e concretamente ás derradeiras orientacións pedagóxicas da Inspección Educativa, que intentan seguirse, a pesar dos posibles erros e limitacións, na medida do posible.

O profesorado que integra o departamento durante o curso 2021-2022 son: Soledad M^a Estévez Vila, xefa de departamento, que imparte clase en 2º ESO, 3º ESO A y C, 1º de bacharelato A y D e 2º de bacharelato A,B,C,D e E; e Fernando Olbés Durán que imparte docencia en 3º ESO B, D e E, 1º de bacharelato E e completa o seu horario con Cultura Clásica e Valores Éticos.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Ao longo das seguintes follas aplicamos o novo currículo que regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e as competencias clave nas diferentes materias, neste caso a de MÚSICA.

Tentamos ter sempre presente- de feito temos un cartel posto na aula con esta definición- e para non perder o HORIZONTE do que ensinar... que **«as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego»**. Deste xeito claro que potenciaremos a aprendizaxe por competencias para propiciar unha renovación na nosa práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe...PERO TENDO sempre en mente esa definición de Competencia clave. Por iso,todas as habilidades prácticas, coñecementos, motivación,valores éticos, actitudes, emocións,e outros

compoñentes sociais e de comportamento que tentaremos conxugar cada clase de 50 minutos... deben non perder de vista a definición en negriña anterior.

As prácticas sociais serán unha constante no noso quefacer diario -non só en contextos formais senón en non formais ou informais-(festivais, excursións, tempos de lecer, concertos...) pois creemos na TRANSVERSALIDADE, O SEU DINAMISMO e o seu CARACTER INTEGRAL: Cada día vanse adquirindo, modificando... en distintos ámbitos...CO SEU AMPLO NIVEL DE USO.

Entendo as competencias como unha ferramenta que lonxe de por obstáculos dámos unha MAIOR AUTONOMIA á nosa función docente... sempre e cando sexamos fieis á esencia das mesmas que deben SEMPRE estar **ligadas á acción**. SEN ACCION non hai reacción, soemos dicir, non?

Esa acción circunscríbese aos criterios de avaliación (o que se pretende alcanzar en cada disciplina a través de certos medios) e estes á súa vez cos estándares de aprendizaxe. Só así, desenrólanse as competencias clave.

A nosa materia traballará TODAS as competencias claves. E o novidoso é que tamén as avaliará de xeito numérico, en cada avaliación. A saber:

Competencia en comunicación lingüística.

Estamos orgullosos de pertencer a un centro onde a importancia da lectura non é só «papel mollado» en documentos, senón que se actúa para a mellora da capacidade lectora e comprensiva do noso alumnado. Si sempre estivemos concienciados coa VITAL IMPORTANCIA de saber ler e entender o que se lee, e actuamos colaborando de xeito activo coa «Hora de ler» (colocando carteis anunciadores na aula de música e en todo o centro, creando a biblioteca da aula de música e repartindo a revista de concello en TODAS as aulas do centro con avisos lembrando a importancia de ler...) ESTE ano damos un paso máis.... incluíndo en 3º ESO como libro de TEXTO... unha obra literaria que é unha auténtica xoia: «A historia da música para nenos» da editorial Siruela.

Coma sempre, en TODAS as clases de música SEMPRE hai que a) Buscar palabras no dicionario, b) Facer frases con elas nun contexto musical. 3) Facer resumos. 4) Elaborar Redaccións que o profesor devolve corrixidas. 5) Lectura en VOZ ALTA todos os días, haxa ou non «Hora de ler».

O que xa é máis difícil de acadar é a expresión oral, pero para iso, con máis de 30 alumnos por aula agardo que a Consellería, tras ler esta Programación, non indique algún xeito para interaccionar máis e mellor co noso alumnado.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A relación entre a Música e as Matemáticas é algo tan evidente que xa dende Pitágoras (s.V a.C) estúdase de xeito continuado. Cantar, ler unha partitura, o solfexo, o movemento rítmico, a prosodia, a figuración , a organoloxía e o estudo da historia da música ten paradigmas matemáticos

na súa análise e, sobre todo, práctica. Xa vivencian dende o minuto 1 na materia de música as matemáticas e a ciencia ligada aos fenómenos sonoros e físico-armónicos: agora se trata de que se decaten cando e de qué forma.

No tocante á tecnoloxía : o mundo do son e a gravación dixital, ademais do, lóxico, uso da rede. Nota: Este Departamento didáctico considera que en realidade son 2 competencias e non unha como figura no decreto, polo que avaliamolas por separado.

Competencia dixital.

Si ben etimoloxicamente poderíamos facer referencia ao uso dixital que fai o noso alumnado tanto coa frauta, as partes do corpo no movemento rítmico e o instrumental ORFF (especialmente en 2º ESO os instrumentos de placas) a gravación sonora e o mundo MIDI, xunto coa utilización de Internet, protagonizan o uso de material TIC na nosa aula.

Aprender a aprender.

Temos , como xa dixemos, moi presente a definición de COMPETENCIAS CLAVES. Imos lembrala: « **aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego**». Dende o Departamento de Música creemos firmemente que a nosa materia «fala» de algo PRIMORIDIAL que se enorgullece cada día en tentar ter moi presente nas raíces do que facemos cada día: TER CONTRIBUIDO Á CREACION DUN OCIO DE CALIDADE. Estamos falando de algo tan FUNDAMENTAL como o desenvolvemento persoal ao través das materias artísticas como suxeitos activos ou como pasivos-ouvintes. A ledicia de ler é comparable coa ledicia de cantar, de compoñer, de escoitar dun xeito consciente, de ser quen de seleccionar música seguindo criterios de cualidade, de desfrutar tocando instrumentos... FERRAMENTAS, en suma, para que, cando sexan adultos o noso alumnado teñan resortes para encher o seu ocio e as súas necesidades de expresión -tan vitais como o mesmo comer- cara os demais. Un longo camiño que teñen que facer sós...pero que dende a ESO suxerímoslles pautas para descubriren, por se mesmos, o seu propio «oco» e modo de sentir no mundo.

Competencias sociais e cívicas.

O respecto é esencial nesta sociedade. Falo de respecto , que non é o mesmo que a tolerancia. O respecto á máis amplo: só se respecta o que se coñece, o que se valora. No noso micromundo chamado Aula de Música impera o respecto. Respecto cando se escoita con atención ao que dín os compañeiros, cando non se consinte XAMAIS nin o máis mínimo menosprezo , risas ou desaprobación ao feito, dito, escrito... por outro alumno. Neste momento, de habelo, PARALIZASE a clase. NADA,absolutamente nada hai máis importante nesta materia, que crear un bo clima de traballo, convivencia e respecto. Un respecto que se traballa esixindo e dando PUNTUALIDADE á hora de chegar á aula, silencio nos corredores á hora de trasladarse para non molestar aos demais e cumprindo as obrigas que como «Mini-sociedade» que somos na AULA DE MUSICA démonos todos nas nosas «normas de clase e de actuación do profesor e o alumnado». Un compromiso recíproco, lóxicamente. E que segue a máxima de que EN CLASE «hai que dar clase», e non se pode desperdiciar nin un só minuto que non sexa FORMATIVO.

O alumnado disruptivo non é o que máis preocupa a este Departamento sempre e cando o seu trato , respecto, cara os seus compañeiros e o profesor sexa IMPECABLE. Certo grado de «disrupción» é inevitable froito da idade, dos problemas de toda índole que arrastran moitos deles...e é tamén OBRIGA do resto do grupo loitar para que muden actitudes perxudiciais para eles mesmos e o grupo. Neste «barco» salvámonos TODOS ou afundímonos todos. Por iso , traballaremos SEMPRE a conciencia de pertenza ao grupo. Nos traballos, nas probas prácticas, nos exames... tamén se traballan, e, como veremos, puntúase esta competencia.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Esta competencia só ten sentido, dende o noso Departamento Didáctico, dende a firme

convicción do poder do REFORZO POSITIVO e a MOTIVACION. Na sociedade española, ao contrario da sociedade americana ou a inglesa, apenas existe o reforzo positivo no sistema escolar. Hai miles de exemplos neses sistemas educativos nos que os rapaces teñen premios diarios, mensuais... alumnos do mes, fotos de alumnos e os seus proxectos, entrevistas, actos de gradación, diplomas... que son o colofón dunhas clases nas que CONTINUAMENTE se motiva con frases ao alumnado. O «non é así», «así non»... case está desterrado e de aparecer é reforzado enseguida... cunha aprobación verbal cando houbo unha melloría ou algo está ben feito, porque SEMPRE HAI ALGO BEN FEITO ata no traballo ou resolución de exercicio máis mediocre que teñamos.

Desterramos da Aula de Música a LINGUAXE negativa- e obvio dicir que tamén a despectiva, ofensiva e malsoante- e promovemos actitudes de recoñecemento do feito polos demais mesmo con aplausos.

Con estas bases, a iniciativa e o espírito emprendedor ten moitas máis posibilidades de aparecer: a imaxinación e as ideas só xorden en contextos que non coarten as posibilidades de actuación. A exemplificación con referentes de persoeiros referentes neste espírito emprendedor...seranos de gran axuda.

Conciencia e expresións culturais.

Unha competencia «clave» no sentido máis literal...para a nosa materia. A música e os fenómenos culturais, estéticos, expresivos, comunicativos en torno a ela...son exemplos vivos de CULTURA con maiúscula. Os nenos, de acordo co seu desenvolvemento madurativo, teñen que non só coñecerlos, senón CONCIENCIARSE da importancia de recoñecerlos, fomentalos e preservalos.

NOTA:

A adquisición ou non por parte dun /dunha alumno/a das competencias clave é algo moi relevante que temos que sinalar ao final de curso, sen embargo este Departamento fai un enorme esforzo e AVALÍA cada competencia en cada AVALIACION ao través de probas, traballos, actividades, exames... EXPLICITADOS con claridade e sinalando con anticipación as datas de celebración ou entrega. Cada curso van variando as propostas plantexadas, pero TODAS teñen como fin a consecución desas competencias e ,o que é máis importante, ser quen de xustificar de xeito razoado o porqué de telas acadadas ou non, da maneira máis obxectiva posible.

As actividades de aprendizaxe serán integradas permitindo así ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

1. Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.

MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.

MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.

MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

Estratexias para valorala:

-Lectura en voz alta.

-Audicións guiadas.

-Busca de palabras no dicionario e posterior realización de frases.

-Práctica musical só ou en grupo.

- Traballos e probas escritas.
- Observación en clase.
- Corrección da libreta.
- Corrección exercicios.
- Proba de redacción dando con antelación o tema e podéndoo preparar na casa.

2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

Estratexias para valorala:

- Ampliación de datos ao través da búsqueda en internet: redacción, comentario persoal.
- Ditados.
- Audicións con ou sen musicogramas.
- Recitados rítmicos con ou sen percusión corporal.
- Práctica instrumental e vocal.

3. Competencia dixital (CD)

Estándares de aprendizaxe.

MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica e outros temas dos efectos da música.

MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc e realiza unha revisión crítica desas producións.

MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

Estratexias para valorala:

- Búsqueda de información ou significado de palabras en internet.
- Observación propostas TIC feitas polo profesor no seu ordenador.
- Traballos escritos sobre programas de televisión na rede.
- Traballos de indagación moi básicos. Na libreta.
- Gravación sinxela: móbil, audacity.

4. Aprender a aprender. (CAA)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.3.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns practicando e recoñecendo con SOLTURA e RAPIDEZ as notas musicais en clave de sol.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados

na exposición ante os seus compañeiros.

MUB1.5.1. Realiza sinxelas improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

Estratexias para valorala:

Práctica musical na casa.

Práctica musical na clase.

Composición na casa.

Realización de tarefas varias.

Práctica improvisatoria co corpo e instrumentos ORFF.

Exame específico de NOTAS MUSICAIS en Clave de SOL.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor e dos compañeiros e as compañeiras.

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

Estratexias para valorala:

Observación e corrección inmediata de actitudes erróneas no trato caro o profesor e os seus compañeiros.

Observación e corrección en actividades de práctica vocal ou instrumental.

Traballos escritos.

Diálogos en clase respectando a quenda de palabra e utilizando unha linguaxe cortés.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais-individuais e en grupo-, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

MUB3.3.4 Contribúe á recuperación e transmisión do patrimonio musical galego.

Estratexias para valorala:

Canto de cancións galegas: actitude de respecto e valoración.

Observación de actitudes e corrección si fose necesario.

Interpretación instrumental cos instrumentos Orff só ou en grupo.

7. Conciencia e expresións culturais. (CCEC).

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e -de xeito só teórico- a de Fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc).

MUB1.3.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados na exposición ante os seus compañeiros.

MUB1.5.1. Realiza sinxelas improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB1.6.1 Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego.

MUB2.1.1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

MUB 2.1.2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.

MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical e galego.

MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB3.3.3. Coñece e describe algúns dos instrumentos tradicionais españois e galegos.

MUB3.3.4. Contribúe á conservación, á recuperación e á transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida e na gravación de pezas.

Estratexias para valorala:

-Lectura en voz alta.

-Audicións guiadas.

-Búsqueda de palabras no dicionario e posterior realización de frases.

- Práctica instrumental só ou en grupo.
- Traballos e probas escritas.
- Observación en clase.
- Corrección da libreta.
- Corrección exercicios.
- Ditados.
- Escoita con atención e respecto.
- Audicións con ou sen musicogramas.
- Recitados rítmicos con ou sen percusión corporal.
- Práctica vocal só ou en grupo.
- Traballos de indagación moi básicos. Na libreta.
- Práctica musical na casa.
- Composición na casa.
- Realización de tarefas varias.

3. Concreción dos obxectivos.

*Gozar da audición de obras musicais de diferentes épocas, estilos e lugares, como forma de comunicación e como fonte de enriquecemento cultural , interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais.

NOTA: Faremos especial énfase no recoñecemento mais que no coñecemento das obras. Partirase dos parámetros dinámicos, textuais e tímbricos. Distinguiranse os diferentes planos-melodía principal, acompañamentos, monodía, polifonía-,os diferentes elementos da música-melodía, ritmo, textura, grupos instrumentais, voces, autores, estilos e épocas -presentes na obra escoitada.

* Expresar de maneira orixinal as propias ideas e sentimentos mediante o uso da voz, de instrumentos e do movemento, en situacións de interpretación e improvisación, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación , respectando outras formas diferentes de expresión.

NOTA: Na expresión vocal interpretaranse cancións a dúas e unha voz sempre en textura homofónica ou canon. Na expresión instrumental, en grupo, utilizaremos a fruta para pezas sinxelas tanto en ritmos binarios como ternarios.

* Analizar obras musicais, básicas e significativas co fin de apreciarlas.

NOTA: Entendemos dende este Departamento esa análise como unha escoita reflexiva que lles permita o recoñecemento e discriminación auditiva dos elementos básicos da música. (No 2º curso “chegaríase” distinguir si o fragmento é polifónico , monódico o u homofónico , título,autor, xénero ou estilo e saber situar esas audicións nunhas coordenadas xeográficas e históricas).

*Valorar a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a expresión musical.

NOTA: Un silencio fundamental á hora de executar música en grupo, pero tamén nas explicacións cotiás na aula. A falta de apreciación do silencio é unha realidade común en case tódolos grupos, sen embargo debemos considerar que a interrupción do “silencio” nunha execución vocal, instrumental e de movemento implica un fallo na execución e, polo tanto, debe ser corrixido na mesma medida que calquera outro erro.

*Utilizar de maneira autónoma e creativa diversas fontes de información (partituras, medios audiovisuais...) para o coñecemento e goce da música, e aplica-la terminoloxía apropiada para comunicalas propias ideas e explica-los procesos musicais.

NOTA: Procuraremos dende este Departamento amosar ó alumnado o maior número de fontes de información mais alá da partitura ou do libro de texto.(Internet, blogs...ver PLAN TIC)

*Aprender a elaborar xuízos e criterios persoais mediante unha análise dos diferentes usos sociais da música.

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:

Os contidos agrúpanse en BLOQUES, pero tal e como di a lexislación, isto non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas no noso quefacer diario, na clase, os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a que van dirixidos.

A continuación nomeamos, tamén, o nome dos temas por Avaliacións.

1ª Avaliación	Tema 1- A arte do son. A orixe do son. O oído: un órgano complexo e delicado. A contaminación acústica e o ruído. Linguaxe musical (I): Baúl de ritmos e notas musicais. Tema 2- A voz e o canto: o instrumento máis natural. Clasificación das voces. Divos e divas. A piratería musical: o “top manta” /internet. Melodías para frauta e/ou instrumental ORFF seguindo os tres pasos na aprendizaxe dunha canción.
2ª Avaliación	Tema 3- Os instrumentos e a súa clasificación. Linguaxe Musical (II). Os instrumentos de corda, vento e percusión. Tema 4- Facer música en conxunto. Agrupacións musicais. A xove orquestra nacional de España. Melodías para frauta e/ou instrumentos orff (seguindo os tres pasos da aprendizaxe). Tema 5- Música para todos os gustos. Clasificacións das “músicas”. A música popular. Récorde e curiosidades musicais. As notas musicais en inglés.
3ª Avaliación	Tema 6- A música e a súa representación gráfica. Linguaxe musical (III). Antes da notas: as notas e a súa historia. A notación alfabética. Melodías para frauta e /ou instrumentos orff seguindo os tres pasos da aprendizaxe. Tema 7- O son do mundo. Música de tradición oral e os instrumentos folclóricos. Música para a meditación. Tema 8- Música para a escena. Os espectáculos musicais. O ballet. Tema 9- As novas tecnoloxías e a música. A música e o ordenador. Instrumentos singulares.

1ª Avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

- Parámetros do son e elementos da música(I).MUB.1.1.1. Ritmos e compases (I). MUB1.1.2.

- Ditados rítmico-melódicos.(I) MUB1.1.3.
- Colocación das notas no pentagrama en clave de sol, e estruturas binarias ternarias e cuaternarias. (I) MUB1.1.3.
- Creación de cancións e pezas instrumentais básicas. Inclúe letra. (I) MUB1.3.2. Execución vogal cunha correcta emisión da voz. Sinxelas. MUB1.4.2.
- Práctica instintiva da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.MUB1.4.3.
- Iniciación ao control de emocións na práctica instrumental ou vocal.MUB1.4.5. Práctica das pautas básicas da interpretación. (Ver a xa citada MUB1.6.3.)

Bloque 2. Escoita.

- Instrumentos da orquestra e tipos de voces. (I) MUB1.6.5.
- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. MUB2.3.1.
- Elaboración de xuízos e opinións musicais. (MUB2.4.3.)
- Concienciación da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado. MUB2.5.1.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

- Distinción das diversas funcións que cumpre a música na sociedade. MUB3.1.2.
- Valoración e respecto da importancia do patrimonio musical español e galego. MUB3.3.1. Contribución á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas. MUB3.3.4.
- Utilización de diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre a música popular galega.MUB3.5.1.
- Uso dun vocabulario axeitado para describiren percepcións e coñecementos musicais. MUB3.4.1.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

- Coñecemento básico ao través do ordenador do profesor dalgunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías. MUB4.1.1
- Participa na gravación musical.

2ª Avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

- Parámetros do son e elementos da música(II)MUB.1.1.1. Ritmos e compases (II). MUB1.1.2.
- Ditados rítmico-melódicos.(II) MUB1.1.3.
- Colocación das notas no pentagrama en clave de sol, e estruturas binarias ternarias e cuaternarias. Intensidade, matices.(II) MUB1.1.3.
- Creación de cancións e pezas instrumentais básicas. Con letra. (II) MUB1.3.2.
- Execución vogal cunha correcta emisión da voz.Dificultade media. MUB1.4.2.
- Práctica consciente da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. MUB1.4.3.
- Continuación da procura do control de emocións na práctica instrumental ou

vocal.MUB1.4.5. Práctica das pautas básicas da interpretación. (Ver a xa citada MUB1.6.3.)

Bloque 2. Escoita.

- Instrumentos da orquestra e tipos de voces. (I) MUB1.6.5.
- Valoración e «aplicación» do silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB2.3.1.Elaboración de xuízos e opinións musicais. (MUB2.4.3.)
- Concienciación da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado. MUB2.5.1.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

- Distinción das diversas funcións que cumpre a música na sociedade. MUB3.1.2.
- Valoración e respecto da importancia do patrimonio musical español e galego. MUB3.3.1.
- Uso dun vocabulario axeitado para describiren percepcións e coñecementos musicais. MUB3.4.1.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

Coñecemento básico ao través do ordenador do profesor e dos alumnos xa que participan na ensinanza con Edixgal dalgunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías. MUB4.1.1

3ª Avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

- Parámetros do son e elementos da música(III).MUB.1.1.1. Ritmos e compases (III). MUB1.1.2.
- Ditados rítmico-melódicos.(III) MUB1.1.3.
- Colocación das notas no pentagrama en clave de sol, e estruturas binarias ternarias e cuaternarias.Indicacións rítmicas e de tempo. (III) MUB1.1.3.
- Creación de cancións e pezas instrumentais de maior dificultade sen letra (III) MUB1.3.2. Execución vogal cunha correcta emisión da voz. Diferentes dificultades.MUB1.4.2.
- Práctica «avanzada» da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. MUB1.4.3.
- Consolidación do control de emocións na práctica instrumental ou vocal.MUB1.4.5. Práctica das pautas básicas da interpretación. (Ver a xa citada MUB1.6.3.)

Bloque 2. Escoita.

- Instrumentos da orquestra, outros instrumentos e tipos de voces. (I) MUB1.6.5.
- Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. MUB2.3.1.
- Elaboración de xuízos e opinións musicais. (MUB2.4.3.)
- Concienciación da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado. MUB2.5.1.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

- Distinción das diversas funcións que cumpre a música na sociedade. MUB3.1.2.
- Valoración e respecto da importancia do patrimonio musical español e galego. MUB3.3.1.
- Coñecemento e descrición dos instrumentos tradicionais españois e galegos. MUB3.3.3.

- Uso dun vocabulario axeitado para describiren percepcións e coñecementos musicais. MUB3.4.1.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

Coñecemento básico ao través do ordenador do profesor dalgunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías. MUB4.1.1

Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Coñecer e saber aplicar a través da lectura e a interpretación vogal e/ou instrumental os seguintes elementos da linguaxe musical:
 1. Lectura de NOTAS en clave de SOL: DO3 a RE4
 2. FIGURAS: redonda, branca, negra, branca con puntillo, corchea, semicorchea e os correspondentes silencios.
 3. COMPASES: 2/4,3/4 e 4/4
 4. Dinámicas: p,pp,f,ff,crescendo e decrescendo.
 5. Agógica: allegro, andante e adagio, así como ritardando e acelerando.
 6. Signos de repetición.
 7. Texturas monofónica, polifónica(contrapunto y homofonía) y melodía acompañada.
 8. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as agrupacións.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Na materia de Música a metodoloxía é esencialmente participativa e activa, e favorecerá tanto o traballo individual coma colectivo. Os alumnos realizarán traballos de investigación sobre diversos temas, exposicións orais, declamacións de distintos tipos de textos , actividades de canto individual e colectivo e actividades de práctica instrumental. Todas elas se relacionan estreitamente co emprego deste tipo de metodoloxías. O emprego desta metodoloxía nas actividades citadas favorece o logro dos obxectivos e das competencias clave.

Puntos do método:

- A) A educación musical contribúe ó desenrolo de diversas facultades do neno, que non so afectan ás súas aptitudes especificamente musicais, senón ás súa percepción en xeral, á súa capacidade de concentración, ós seus reflexos condicionados, ó seu horizonte emocional, e á súa cultura física.
- B) A canción e o movemento rítmico -pes, palmas,pitos, xeonllos- deben ir xunto ós contidos teóricos.
- C) A preocupación de non poñer ós nenos en contacto con músicas de inferior calidade -algo que xa debería empezar na Educación infantil-, xa que cando sexan adultos será demasiado tarde. Para os nenos só o bo é o mellor. Só por medio de obras mestras chegarán ata as obras mestras.
- D) A participación activa é o mellor camiño para coñece-la música.
- E) As bases da cultura musical radican na escola.
- F) O canto diario e a execución instrumental-frauta , carillón e instrumentos ORFF- , xunto ó exercicio físico tamén a diario, desenrola igualmente o corpo e a mente do neno.
- G) O pracer que se deriva do esforzo de conseguir unha boa música colectiva, proporciona homes e mulleres felices e disciplinados.
- H) A frauta e o carillón é un bo sistema para axusta-lo son das notas musicais á hora de cantar.
- I) Os contidos actitudinais son en realidade máis importantes que os conceptuais e procedimentais,

aínda que non sexan valorados numericamente na mesma medida.

J) A lectura musical incluírá ,por parte do profesor, a fononimia e os signos manuais de Curwen.

K) Seguiremo-la metodoloxía, en suma, aprendida en Hungría ó través do método Kodaly.

L) Tentaremos o tratamento transversal ligados á educación en valores e o respecto ao medio ambiente seguindo o proxecto educativo do centro, cos seus valores, obxectivos e prioridades de actuación.

M) Tentaremos adquirir compromisos coas familias e co propio alumnado, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

E) Practicaremos na aula, entre todos, a tolerancia, a cooperación e solidariedade entre os/as alumnos/as, o diálogo -na medida en que a actual masificación do IES «Sánchez Cantón» o permita, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, preparándoos para o exercicio da cidadanía democrática.

F) Rexeitar a discriminación das persoas e do alumnado por razón de sexo, condición sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

G) En 2º ESO. Coñecer e valorar o uso da lingua galega como elemento vehicular nun contexto plurilingüe.

H) Afrontar os conflitos dentro dun esquema no que TODOS gañemos, e ninguén perda.

i) Loita contra a piratería: TODO o material, absolutamente TODO é material ORIXINAL propiedade do Departamento ou do profesor. De xeito anecdótico díselles aos nenos que si atopan na aula algún obxecto pirata terían 1 punto máis na nota final. Non o atoparán. Creemos firmemente nos dereitos de autor e tentamos formar na loita contra o PLAXIO.

6. Materiais e recursos didácticos.

Os recursos didácticos e materiais con que contaremos este curso son o ordenador, proxector e pantalla táctil, plataforma EDIXGAL para os alumnos de 2º ESO e 3º ESO ; Fichas de traballo entregadas polo profesor; e NON HAI LIBRO DE TEXTO OBRIGATORIO EN NINGÚN NIVEL.

Este ano, contaremos de novo co Aula de Música(o pasado curso foi aula de grupo) e si as circunstancias nolo permiten, intentaremos tocar de novo os instrumentos Orff.

7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción

Os criterios específicos de calificación de cada avaliación organizaranse en base aos 4 bloques en que se estrutura o currículo de Música (Interpretación, Escoita, Contextos Culturais e Tecnoloxías).Os distintos estándares de aprendizaxe serán avaliados a través de distintos instrumentos de avaliación. Algúns dos estándares será avaliado a través de máis dun instrumento. Indico a continuación os instrumentos empregados , a porcentaxe que lles corresponde á hora de avaliar e os bloques do currículo que se relacionan con cada un destes instrumentos.

Bloque 1. Interpretación e creación.

B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)

B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como

medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros.

B1.6. Participar activamente e con iniciativa nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

Bloque 2. Escoita.

B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as agrupacións.

B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal e verbal) elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

B3.1. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.

B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias referencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.

B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou «falar de música».

B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.

B4.2 Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos na casa para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de 2º ESO será continua, formativa e integradora. Neste proceso estableceranse medidas de reforzo educativo (Ver máis adiante).

O profesor de música avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado (a continuación) como os procesos de ensino e a súa práctica docente, reflectidos no desenrolo de cada TEMA.

Instrumentos de avaliación.

Velaquí explicitamos as porcentaxes acordadas no Departamento Didáctico de Música:

- **Proba escrita: 50%.** Avaliará os estándares de aprendizaxe relacionados cos bloques I e II. Instrumento de avaliación: proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre.
- **Práctica vogal/instrumental: 30%.** Instrumento de avaliación: proba práctica(rúbrica) Avaliará os estándares de aprendizaxe relacionados co bloque I e II:

2º-MUB1.4.1 -Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos

2º-MUB1.4.4 -Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel

2º-MUB1.4.5 -Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

2º-MUB1.4.2 -Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

2º-MUB1.5.2 -Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeras

2º-MUB1.6.1 -Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

2º-MUB1.6.4 -Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

2º-MUB1.6.5 -Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

2º-MUB2.2.1 -Sigue partituras como apoio á audición e /ou interpretación

2º-MUB2.3.1 -Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición

Poderán realizarse varias probas ao longo do trimestre. A nota resultante será a media ponderada entre todas as probas

- **Participación, traballo de clase/casa: 20%.**

Instrumento de avaliación: observación sistemática, diario de clase, lista de cotexo.

Recuperación de avaliacións suspensas: o alumno que non supere unha avaliación, na seguinte poderá recuperala con actividades xa que a avaliación é continua. Estas actividades consistirán nunhas fichas de traballo proporcionadas aos alumnos sobre os contidos traballados na clase. Na 1ª e 2ª avaliación terán que analizar unha partitura e responder a unha serie de cuestións sobre a altura do son, a duración, o compás, o movemento, a dinámica, os signos de repetición, a textura e a forma; Na 3ª avaliación as fichas se centrarán nos instrumentos musicais e as agrupacións instrumentais e vocais. Estas actividades estarán cualificadas sobre un total de 10 puntos. Se non obtivera unha avaliación positiva nalgún dos trimestres, o alumno poderá recuperar esa avaliación presentándose a un exame final en xuño, tendo a proba características similares ás realizadas en cada trimestre.

Cualificación final: O alumno pode obter unha cualificación de 0 a 10 en cada trimestre. Non se fará media ponderada a final de curso si a cualificación de algún dos trimestres é inferior a catro puntos. O alumno aprobará o curso se obtén unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

Normas de obrigado cumprimento para obter unha avaliación positiva na materia:

- Superar todas as avaliacións
- A calificación mínima para aprobar será de 5 sobre 10
- Non facer algunha das probas ou traballos encomendados conlevará a avaliación negativa na materia

Probas extraordinarias: Aqueles alumnos que non tiveran superado a materia tras a avaliación ordinaria de xuño, deberán presentarse as probas finais extraordinarias que terán

lugar os días 20-21-22 de xuño para a realización dun exame escrito e unha proba práctica vocal/instrumental que incluírán todo o traballado durante os tres trimestres. O exame terá similares características aos realizados durante o curso. O exame escrito será unha proba teórica dividida en dúas partes, na primeira terán que contestar a unhas cuestións de linguaxe musical relativas a unha partitura traballada no aula durante o curso e na segunda parte, contestarán unhas preguntas sobre instrumentos musicais e agrupacións vocais e instrumentais. A proba práctica, consistirá na interpretación dunha partitura das traballadas durante o curso.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino é necesario que nas reunións do Departamento analicemos se os estándares de aprendizaxe se axustan á temporalización prevista ou non. Por tanto, farase un seguimento da programación e ao remate do curso poderemos ter unha visión global da efectividade da programación e procederase a axustala convenientemente para o seguinte curso, no caso de que sexa conveniente.

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A persoa encargada do seguimento dos alumnos con materias pendentes será a Xefa do Departamento, a profesora Soledad Estévez Vila, que dende comezo de curso estará en comunicación co alumnado e as familias para informarlle das datas dos exames, das datas de entrega de actividades de preparación e repaso dos contidos dos que se van examinar e da información do progreso do alumno.

Os contidos, criterios e instrumentos de avaliación para a recuperación de materias pendentes en 2ºESO serán os seguintes:

CONTIDOS:

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical.(1ªAvaliación)
2. Representación gráfica do son(colocación das notas no pentagrama, a clave de sol, as figuras e os silencios, signos que afectan á intensidade do son, indicacións rítmicas e de tempo,compases de 2/4, 3/4 e 4/4). (1ª avaliación)
3. Os signos de repetición do son.(1ª avaliación)
4. A textura.(2ª avaliación)
5. A forma musical.(2ª avaliación)
6. Os instrumentos da orquestra: clasificación e discriminación auditiva dos mesmos.(2ª avaliación)
7. A voz como medio de expresión musical . Funcionamento do aparato da voz . Tipos de voces(2ª avaliación)
8. As agrupacións vocais e instrumentais(3ª avaliación).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Identificar os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical
2. Aplicar os diferentes conceptos da linguaxe musical a través da lectura e/ou interpretación de sinxelos fragmentos musicais.
3. Identificar os instrumentos da orquestra, as voces e agrupacións vocais e instrumentais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

O exame dos alumnos pendentes constará de tres probas, unha en xaneiro, outra a principios de abril e outra entre o 18-20 de maio, entre as que se dividirán os contidos da materia, lóxicamente referidas ó programa oficial que se cita na programación e que serán cualificadas de un a dez. Se un alumno non superase a cualificación de apto no primeiro exame, poderá engadirse no segundo algunha cuestión da primeira parte, que favoreza así a súa recuperación.

Antes de cada proba, o alumno levará unhas actividades de preparación e repaso dos contidos dos que se van a examinar, fixando unha data entre a profesora e o alumno para a entrega e a resolución de calquera dúbida que poida xurdir.

Os exames serán cualificados de 0 a 10 e os alumnos poderán ver o(s) exercicio(s) unha vez corrixidos.

Realizarase un seguimento personalizado das tarefas encomendadas aos alumnos. As datas establecidas pola xefatura de estudos para as probas de recuperación de pendentes servirán de referencia para a distribución das tarefas ao longo do curso. A avaliación final ordinaria terá lugar o 6 de xuño.

10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Establécese unha proba de avaliación inicial para todo o alumnado de 2º ESO coa finalidade de coñecer cales son as súas competencias e os seus coñecementos previos. A proba levarase acabo dentro das tres primeiras semanas iniciais do curso. O obxectivo é coñecer cal é a formación adquirida na etapa de primaria posto que non cursan música en 1º de ESO. Da análise dos resultados derivarase a adopción de medidas de atención á diversidade non significativas correspondentes. Tratarase, en todo caso, dunha proba obxectiva escrita con preguntas relacionadas cos contidos correspondentes da etapa de primaria pero tamén referidas á relación que os alumnos teñen coa asignatura (formación musical xeral, integración nalgún grupo musical, gustos musicais, etc). De ser precisa algunha adaptación curricular, será vía intermediación do departamento de orientación que indicará a preceptividade das mesmas.

11. Medidas de atención á diversidade.

Sendo conscientes de que non todos os alumnos tiveron a mesma formación musical na Etapa Primaria, tentaremos detectar aquelas lagunas no proceso de aprendizaxe atribuíbles a unha falta de coñecementos previos e darlle un reforzo educativo específico a cada alumno/a. (Este reforzo especialmente necesario nas bases da linguaxe musical e na aprendizaxe das posicións dos dedos na frauta).

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas esas carencias.

Estaremos pendentes de canta información neste eido nos sexa plantexada dende o Departamento de Orientación e colaboraremos activamente da mellor maneira que podamos e saibamos.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos que precisen, de forma temporal ou permanente, apoios ou providións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais...

As medidas que levaremos a cabo serán:

- buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, o lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.
- Atención e seguimento individualizado. Comunicación individualizada(falarlle baixo, mirándolle a cara). Supervisión constante.
- Valoración positiva do seu esforzo
- Utilización de estímulos visuais.
- Axuda na organización das tarefas(axenda do alumno)
- Información sobre o modelo de exame.
- Non realizar exames nas últimas horas da mañá.
- Exames curtos, con preguntas pechadas, de completar ou de resposta curta;
- Traballos tipo presentación ...
- Estimulación e valoración das súas capacidades cara a exixencia no seu traballo persoal e aproveitamento das mesmas para o traballo colaborativo (Alumnado de altas capacidades)
- Involucrar ó alumno en tarefas de resolución de problemas que requiran niveles elevados de pensamento (altas capacidades)

Ao longo do curso, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes/as alumnos/as».

12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 4 di “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa”.

Indico,a continuación, a correspondencia entre os elementos transversais e os estándares de aprendizaxe relacionados:

1. Compresión lectora, expresión oral e escrita:2º-MUB1.1.1, 2º-MUB2.4.1, 2º-MUB2.4.3, 2º-MUB2.5.2, 2º-MUB3.4.1, 2º-MUB3.4.2, 2º-MUB3.5.1, 2º-MUB4.2.1,3º-MUB1.3.1, 3º-MUB2.5.13ºMUB3.1.3, 3º-MUB3.5.1, 3º-MUB3.5.2, 3º-MUB3.6.1
2. Tecnoloxías da información:2ºMUB4.1.1, 2ºMUB4.1.2, 3ºMUB4.1.1
3. Emprendemento:2ºMUB1.4.2, 2ºMUB1.4.5, 2ºMUB1.5.2, 2ºMUB2.5.2, 2ºMUB4.1.2, 3ºMUB1.4.5, 3ºMUB1.4.4, 3ºMUB1.6.1, 3ºMUB2.4.13ºMUB3.2.1, 3ºMUB4.1.2, 3ºMUB4.2.14
4. Educación cívica:2ºMUB1.5.2, 2ºMUB1.6.4, 2ºMUB1.6.5, 2ºMUB2.3.1, 2ºMUB2.5.1, 2ºMUB2.5.2, 2ºMUB3.1.22ºMUB3.3.13ºMUB1.4.13ºMUB1.4.2, 3ºMUB1.4.4, 3ºMUB1.4.5, 3ºMUB1.5.2, 3ºMUB1.6.3, 3ºMUB1.6.4, 3ºMUB1.6.53ºMUB2.3.1

13. Actividades complementarias e extraescolares

No curso 2021-2022 non hai actividades complementarias e extraescolares programadas como consecuencia da pandemia causada polo Covid-19. De tódolos xeitos, participaremos nas

actividades propostas pola Biblioteca e outros Departamentos con actuacións musicais dos nosos alumnos sempre que as autoridades sanitarias o permitan.

Outras actividades relacionadas coa nosa materia, que xurdan ao longo do curso, as notificaremos a Vicedirección para a súa aprobación e autorización polo Consello Escolar.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

A avaliación da propia programación ten lugar en tres momentos diferenciados: **Ao comezo**, cando ten lugar a comprobación de que a planificación se fixo correctamente e se concretaron as unidades de programación con todos os elementos curriculares. **No transcurso do curso**, a reorientación continua derivada da aplicación na aula da programación didáctica e a súa adecuación ao contexto específico do grupo-clase. Os cambios derivados de tal reorientación serán reflectidos nas actas de departamento correspondentes. Será entón, partir do devandito análise cando se establezan as medidas de mellora que se consideren oportunas. Por último, **tras a aplicación total da programación**, cando se teña unha mellor perspectiva completárase cos resultados dos anteriores aspectos. A conxunción destes momentos xerará suficiente información para chegar a conclusións que den soporte á función formativa da avaliación e permitan, se fose preciso, reconducir e mellorar as programacións, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

15. Plan de reforzo para alumnos repetidores.

Sen que supoña unha adaptación específica e complexa da programación didáctica para os alumnos repetidores, serán tidas en conta certas circunstancias académicas e persoais, nas que se contemplará un reforzo dos aspectos concretos da metodoloxía pedagóxica proposta, así coma dos criterios de avaliación; cara a unha maior integración do alumno na súa nova circunstancia e a consecución das competencias básicas a través dos estándares de aprendizaxe prefixados. Estas medidas de reforzo variarán segundo os seguintes casos:

1. O número de materias que ocasionaron a repetición do curso.
2. Se entre estas materias encóntrase a propia materia de Música.
3. A relación directa das materias non superadas coa adquisición das competencias básicas
4. O grado de adaptación do alumno e a súa disposición e interese para aceptar e aproveitar calquera actuación ou medida de reforzo educativo.

Segundo estes criterios tales medidas iranse concretando necesariamente co desenvolvemento do curso, a partires da avaliación inicial o no seu caso do informe do titor e sempre coa súa colaboración, e poderán abarcar dende adaptacións curriculares persoais ata traballo específico na clase ou modificacións parciais dos criterios auditivos para, como xa se dixera, facilitar a superación do curso en canto aos estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias básicas propias do mesmo.

16. Medidas educativas no contexto da Covid 19.

O presente curso 2021-22, manteranse as medidas implementadas no curso 2020-21 (especificadas nas instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación) debido á situación xerada pola irrupción da pandemia do COVID-19.

Igual que no curso 2020-21 promoverase o emprego xeralizado das plataformas dixitais(EDIXGALeAULAVIRTUAL)durante todo o curso.

Con casi a totalidade da poboación vacunada, incluídos os alumnos da ESO e Bacharelato, este curso volveremos á normalidade, as clases presenciais. De todos modos, a continuación presentamos os tres posibles escenarios nos que si as cousas se torcen, teremos que desenvolver o noso labor docente:

1) Modalidade presencial. Síguese a programación ordinaria sen alteracións en canto a criterios de avaliación, estándares, temporalización e mínimos, se ben se adaptarán ás especiais circunstancias os contidos, os procedementos e os instrumentos de avaliación. Os contidos non se reducen pero si que se modificará a profundidade e amplitude coa que se imparten habitualmente, que será menor. No tocante a procedementos e instrumentos de avaliación se suprimen para este curso todos aqueles que impliquen o contacto físico entre alumnos, tales como moitos dos experimentos, actividades e traballos en grupo que se viñan facendo. Aqueles que se poidan adaptar mediante medios informáticos pódense conservar. Os que non sexa o caso, se suprimen directamente e substitúen por outros máis axeitados ás actuais circunstancias.

2) Modalidade a distancia. 1) Darase soporte ós alumnos ó través de: • a Aula Virtual/Edixgal como guía e principal referencia para o desenvolvemento do curso. Aquí se ira reflexando o avance na materia, as tarefas propostase as diferentes ferramentas que se poñen a disposición dos alumnos para a preparación da materia: • clases vía Webex ou plataformas semellantes para a explicación de contidos • videos para reforzo destes contidos e consulta e revisión de conceptos. • consultas e dúbidas a través das videoconferencias Webex, correo electrónico e foros da Aula Virtual. • traballos e tarefas a distancia mediante ferramentas TIC. 2) A programación tamén se adapta a estas circunstancias de xeito que os procedementos e instrumentos de avaliación que se utilizarán serán todos adaptados ós medios dixitais e a distancia. Os contidos se simplifican para centrarse na adquisición dos principais conceptos, pero non se suprime ningún. Criterios de avaliación, estándares, temporalización e mínimos se manteñen inalterados, salvo que no transcorrer do curso se detecte a necesidade de cambialos.

3) Modalidade semi-presencial. Será unha combinación das dúas modalidades anteriores. Os medios TIC cobran especial protagonismo dependendo de cal sexa a parte presencial e cal sexa a distancia. Volvemos a recalcar que contidos, criterios, estándares, temporalización e mínimos se manteñen, coas salvedades antes mencionadas. E se produce un cambio nos procedementos e instrumentos para adaptalos á non presencialidade dos alumnos e, de ser o caso, á imposibilidade de contacto físico entre eles. Non se prevén reforzos dos contidos de cursos pasados xa que as materias non teñen continuidade dun curso para outro e ningunha precisa ser cursada previamente para acceder ás de cursos superiores. De todas maneiras, coma na ESO non se cursa a materia de música ata 2º, na programación didáctica non temos que incluír os aprendizaxes imprescindibles que non se impartiron como consecuencia do confinamento.

PROGRAMACIÓN 3º ESO

Índice

1. Introducción . As Competencias Clave: o coñecemento na práctica.	24
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	25
3. Concreción dos Obxectivos	30
4. Concreción dos Estándares de aprendizaxe (Temporalización, Contidos mínimos e Criterios de Avaliación)	31
5. Contidos mínimos	35
6. Criterios de avaliación	35
7. Metodoloxía didáctica.....	36
8. Procedementos e instrumentos de avaliación	37
9. Actividades de recuperación	38
10.Contribución ao Proxecto Lector.....	39
11.Contribución ao Plan de Integración das TICs	39
12.Materiais e recursos didácticos	40
13.Actividades complementarias e extraescolares	40
14.Medidas de atención á diversidade.....	40
15.Criterios para avaliar a programación	41
16.Plan de reforzo para alumnos repetidores	41
17. Medidas educativas no contexto da COVID19	42

1. Introducción. As Competencias Clave: o coñecemento na práctica.

Ao longo das seguintes follas aplicamos o novo currículo que regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e as competencias clave nas diferentes materias, neste caso a de MÚSICA.

Tentamos ter sempre presente- de feito temos un cartel posto na aula con esta definición- e para non perder o HORIZONTE do que ensinar... que **«as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego»**. Deste xeito claro que potenciaremos a aprendizaxe por competencias para propiciar unha renovación na nosa práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe...PERO TENDO sempre en mente esa definición de Competencia clave. Por iso,todas as habilidades prácticas, coñecementos, motivación,valores éticos, actitudes, emocións,e outros compoñentes sociais e de comportamento que tentaremos conxugar cada clase de 50 minutos... deben non perder de vista a definición en negriña anterior.

As prácticas sociais serán unha constante no noso quefacer diario -non só en contextos formais senón en non formais ou informais-(festivais, excursións, tempos de lecer, concertos...) pois creemos na TRANSVERSALIDADE, O SEU DINAMISMO e o seu CARACTER INTEGRAL: Cada día vanse adquirindo, modificando... en distintos ámbitos...CO SEU AMPLO NIVEL DE USO.

Entendo as competencias como unha ferramenta que lonxe de por obstáculos dános unha MAIOR AUTONOMIA á nosa función docente... sempre e cando sexamos fieis á esencia das mesmas que deben SEMPRE estar **ligadas á acción**. SEN ACCION non hai reacción, soemos dicir, non?

Esa acción circunscríbese aos criterios de avaliación (o que se pretende alcanzar en cada disciplina a través de certos medios) e estes á súa vez cos estándares de aprendizaxe. Só así, desenrólanse as competencias clave.

A nosa materia traballará TODAS as competencias claves. E o novidoso é que tamén as avaliará de xeito numérico, en cada avaliación. A saber:

1.1.1 Competencia en comunicación lingüística.

Estamos orgullosos de pertencer a un centro onde a importancia da lectura non é só «papel mollado» en documentos, senón que se actúa para a mellora da capacidade lectora e comprensiva do noso alumnado. Si sempre estivemos concienciados coa VITAL IMPORTANCIA de saber ler e entender o que se lee, e actuamos colaborando de xeito activo coa «Hora de ler» (colocando carteis anunciadores na aula de música e en todo o centro, creando a biblioteca da aula de música e repartindo a revista de concello en TODAS as aulas do centro con avisos lembrando a importancia de ler...)

Coma sempre, en TODAS as clases de música SEMPRE hai que a) Buscar palabras no dicionario, b) Facer frases con elas nun contexto musical. 3) Facer resumos. 4) Elaborar Redaccións que o profesor devolve corrixidas. 5) Lectura en VOZ ALTA todos os días, haxa ou non «Hora de ler».

O que xa é máis difícil de acadar é a expresión oral, pero para iso, con máis de 30 alumnos por aula agardo que a Consellería, tras ler esta Programación, non indique algún xeito para interaccionar máis e mellor co noso alumnado.

1.1.2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A relación entre a Música e as Matemáticas é algo tan evidente que xa dende Pitágoras (s.V a.C) estúdase de xeito continuado. Cantar, ler unha partitura, o solfexo, o movemento rítmico, a prosodia, a figuración , a organoloxía e o estudo da historia da música ten paradigmas matemáticos na súa análise e, sobre todo, práctica. Xa vivencian dende o minuto 1 na materia de música as matemáticas e a ciencia ligada aos fenómenos sonoros e físico-armónicos: agora se trata de que se decaten cando e de

qué forma.

No tocante á tecnoloxía : o mundo do son e a gravación dixital, ademais do, lóxico, uso da rede. Nota: Este Departamento didáctico considera que en realidade son 2 competencias e non unha como figura no decreto, polo que avaliamolas por separado.

1.1.3 Competencia dixital.

Si ben etimoloxicamente poderíamos facer referencia ao uso dixital que fai o noso alumnado tanto coa frauta, as partes do corpo no movemento rítmico e o instrumental ORFF (especialmente en 2º ESO onde o carillón é un instrumento , neste instituto, de adquisición obrigatoria) a gravación sonora e o mundo MIDI, xunto coa utilización de Internet, protagonizan o uso de material TIC na nosa aula.

1.1.4 Aprender a aprender.

Temos , como xa dixemos, moi presente a definición de COMPETENCIAS CLAVES. Imos lembrala: «**aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego**». Dende o Departamento de Música creemos firmemente que a nosa materia «fala» de algo PRIMORDIAL que se enorgullece cada día en tentar ter moi presente nas raíces do que facemos cada día: TER CONTRIBUIDO Á CREACION DUN OCIO DE CALIDADE. Estamos falando de algo tan FUNDAMENTAL como o desenvolvemento persoal ao través das materias artísticas como suxeitos activos ou como pasivos-ouvintes. A ledicia de ler é comparable coa ledicia de cantar, de compoñer, de escoitar dun xeito consciente, de ser quen de seleccionar música seguindo criterios de cualidade, de desfrutar tocando instrumentos... FERRAMENTAS, en suma, para que, cando sexan adultos o noso alumnado teñan resortes para encher o seu ocio e as súas necesidades de expresión -tan vitais como o mesmo comer- cara os demais. Un longo camiño que teñen que facer sós...pero que dende a ESO suxerímoslles pautas para descubriren, por se mesmos, o seu propio «oco» e modo de sentir no mundo

1.1.5 Competencias sociais e cívicas.

O respecto é esencial nesta sociedade. Falo de respecto , que non é o mesmo que a tolerancia. O respecto á máis amplo: só se respecta o que se coñece, o que se valora. No noso micromundo chamado Aula de Música impera o respecto. Respecto cando se escoita con atención ao que dín os compañeiros, cando non se consinte XAMAIS nin o máis mínimo menosprezo , risas ou desaprobación ao feito, dito, escrito... por outro alumno. Neste momento, de habelo, PARALIZASE a clase. NADA,absolutamente nada hai máis importante nesta materia, que crear un bo clima de traballo, convivencia e respecto. Un respecto que se traballa esixindo e dando PUNTUALIDADE á hora de chegar á aula, silencio nos corredores á hora de trasladarse para non molestar aos demais e cumprindo as obrigas que como «Mini-sociedade» que somos na AULA DE MUSICA démonos todos nas nosas «normas de clase e de actuación do profesor e o alumnado». Un compromiso recíproco, lóxicamente. E que segue a máxima de que EN CLASE «hai que dar clase», e non se pode desperdiciar nin un só minuto que non sexa FORMATIVO.

O alumnado disruptivo non é o que máis preocupa a este Departamento sempre e cando o seu trato , respecto, cara os seus compañeiros e o profesor sexa IMPECABLE. Certo grado de «disrupción» é inevitable froito da idade, dos problemas de toda índole que arrastran moitos deles...e é tamén OBRIGA do resto do grupo loitar para que muden actitudes perxudiciais para eles mesmos e o grupo. Neste «barco» salvámonos TODOS ou afundímonos todos. Por iso , traballaremos SEMPRE a conciencia de pertenza ao grupo. Nos traballos, nas probas prácticas, nos exames... tamén se traballan, e, como veremos, puntúase esta competencia.

1.1.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Esta competencia só ten sentido, dende o noso Departamento Didáctico, dende a firme convicción do poder do REFORZO POSITIVO e a MOTIVACION. Na sociedade española, ao contrario da sociedade americana ou a inglesa, apenas existe o reforzo positivo no sistema escolar. Hai miles de exemplos neses sistemas educativos nos que os rapaces teñen premios diarios, mensuais... alumnos do mes, fotos de alumnos e os seus proxectos, entrevistas, actos de gradación, diplomas... que son o colofón dunhas clases nas que CONTINUAMENTE se motiva con frases ao alumnado. O «non é así», «así non»... case está desterrado e de aparecer é reforzado enseguida... cunha aprobación verbal cando houbo unha melloría ou algo está ben feito, porque SEMPRE HAI ALGO BEN FEITO ata no traballo ou resolución de exercicio máis mediocre que teñamos.

Desterramos da Aula de Música a LINGUAXE negativa- e obvio dicir que tamén a despectiva, ofensiva e malsoante- e promovemos actitudes de recoñecemento do feito polos demais mesmo con aplausos.

Con estas bases, a iniciativa e o espírito emprendedor ten moitas máis posibilidades de aparecer: a imaxinación e as ideas só xorden en contextos que non coarten as posibilidades de actuación. A exemplificación con referentes de persoeiros referentes neste espírito emprendedor...seranos de gran axuda.

1.1.7 Conciencia e expresións culturais.

Unha competencia «clave» no sentido máis literal...para a nosa materia. A música e os fenómenos culturais, estéticos, expresivos, comunicativos en torno a ela...son exemplos vivos de CULTURA con maiúscula. Os nenos, de acordo co seu desenvolvemento madurativo, teñen que non só coñecerlos, senón CONCIENCIARSE da importancia de recoñecerlos, fomentalos e preservalos.

NOTA:

A adquisición ou non por parte dun /dunha alumno/a das competencias clave é algo moi relevante que temos que sinalar ao final de curso, sen embargo este Departamento fai un enorme esforzo e AVALÍA cada competencia en cada AVALIACION ao través de probas, traballos, actividades, exames... EXPLICITADOS con claridade e sinalando con anticipación as datas de celebración ou entrega. Cada curso van variando as propostas plantexadas, pero TODAS teñen como fin a consecución desas competencias e ,o que é máis importante, ser quen de xustificar de xeito razoado o porqué de telas acadadas ou non, da maneira máis obxectiva posible.

As actividades de aprendizaxe serán integradas permitindo así ao alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

2. Contribución ao desenvolvemento das CCBB

1. Competencia en comunicación lingüística. (CCL)

Estándares de aprendizaxe.

MUB2.5.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

MUB3.1.1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas.

MUB3.1.3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia.

MUB3.4.2. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.

MUB3.5.1. Emprega un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais.

MUB3.5.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

Estratexias para valorala:

- Lectura en voz alta.
- Audicións guiadas.
- Búsqueda de palabras no dicionario e posterior realización de frases.
- Práctica musical só ou en grupo.
- Traballos e probas escritas.
- Observación en clase.
- Corrección da libreta.
- Corrección exercicios.
- Proba de redacción dando con antelación o tema e podéndoo preparar na casa.

2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT)

Estándares de aprendizaxe.

(Increiblemente non se recolle ningún estándar dende a proposta da Consellería. Será que considerase que a Música nada ten que ver nin coa ciencia nin coa tecnoloxía nin coas matemáticas?)

Estratexias para valorala (que nos sí o faremos):

- Ampliación de datos ao través da búsqueda en internet: redacción, comentario persoal. Proxecto «A cidade galega dos músicos» premio Fundación Barrié de la Maza.
- Ditados.
- Audicións con ou sen musicogramas.
- Recitados rítmicos con ou sen percusión corporal.
- Práctica instrumental e vocal.

3. Competencia dixital (CD)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.7.2. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros.

MUB3.6.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc e realiza unha revisión crítica desas producións.

MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.

Estratexias para valorala:

- Búsqueda de información ou significado de palabras en internet.
- Observación propostas TIC feitas polo profesor no seu ordenador.
- Traballos escritos sobre programas de televisión na rede.
- Traballos de indagación moi básicos. Na libreta.
- Gravación sinxela: móbil, audacity.

4. Aprender a aprender. (CAA)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1..1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas e os ritmos practicando e recoñecendo con SOLTURA e RAPIDEZ as notas musicais en

clave de sol.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados na exposición ante os seus compañeiros.

MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso amosando unha actitude aberta e respectuosa.

MU2.1.3. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.

MUB2.5.2. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical.

MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación.

MUB3.3.1. relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia de música correspondentes.

MUB3.6.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

Estratexias para valorala: Práctica musical na casa. Práctica musical na clase. Composición na casa. Realización de tarefas varias.

Práctica improvisatoria co corpo e instrumentos ORFF. Exame específico de NOTAS MUSICAIS en Clave de SOL. Traballos escritos.

Exercicios na libreta. Lecturas guiadas.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.6.3. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor e dos compañeiros e as compañeiras.

MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

MUB2.4.2. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas.

MUB3.4.1. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais.

Estratexias para valorala:

Observación e corrección inmediata de actitudes erróneas no trato caro o profesor e os seus compañeiros.

Observación e corrección en actividades de práctica vocal ou instrumental. Traballos escritos.

Diálogos en clase respectando a quenda de palabra e utilizando unha linguaxe cortés.

Memorización de cadros: comprobación do aprendido.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais-individuais e en grupo-, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

MUB4.1.2. Participa nos aspectos de produción musical demostrando o uso adecuado de materiais relacionados.

Estratexias para valorala:

Dialógo e lecturas en torno á industria musical: profesións relacionadas coa música.

Observación de actitudes e corrección si fose necesario. Traballo escrito.

Interpretación instrumental só a frauta e carillón ou en grupo.

7. Conciencia e expresións culturais. (CCEC).

Estándares de aprendizaxe.

MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e -de xeito só teórico- a de Fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc).

MUB1.3.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.

MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. MUB1.4.4.

Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os resultados na exposición ante os seus compañeiros.

MUB1.5.1. Realiza sinxelas improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.

MUB1.6.1 Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais e instrumentais do patrimonio español e galego.

MUB2.1.1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

MUB 2.1.2. Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.

MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas. MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

MUB3.2.1. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical e galego.

MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

MUB3.3.3. Coñece e describe algúns dos instrumentos tradicionais españois e galegos. MUB3.3.4. Contribúe á conservación, á recuperación e á transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida e na gravación de pezas.

Estratexias para valorala:

- Lectura en voz alta.
- Audicións guiadas.
- Búsqueda de palabras no dicionario e posterior realización de frases.
- Práctica instrumental só ou en grupo.
- Traballos e probas escritas.
- Observación en clase.
- Corrección da libreta.
- Corrección exercicios.
- Ditados.
- Escoita con atención e respecto.
- Audicións con ou sen musicogramas.
- Recitados rítmicos con ou sen percusión corporal.
- Práctica vocal só ou en grupo.
- Traballos de indagación. Práctica musical na casa. Composición na casa.
- Realización de tarefas varias.

3. Obxectivos.

*Gozar da audición de obras musicais de diferentes épocas, estilos e lugares, como forma de comunicación e como fonte de enriquecemento cultural, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais.

NOTA: Faremos especial énfase no Recoñecemento mais que no coñecemento das obras. Partirase
IES Sánchez Cantón. Departamento de Música. Curso 2021-2022

dos parámetros dinámicos, textuais e tímbricos. Distinguiranse os diferentes planos-melodía principal, acompañamentos, monodía, polifonía-,os diferentes elementos da música-melodía, ritmo, textura, grupos instrumentais, voces, autores, estilos e épocas-presentes na obra escoitada.

* Expresar de maneira orixinal as propias ideas e sentimentos mediante o uso da voz, de instrumentos e do movemento, en situacións de interpretación e improvisación, co fin de enriquece-las súas posibilidades de comunicación, respectando outras formas diferentes de expresión.

NOTA: Na expresión vocal interpretaranse cancións a dúas e unha voz sempre en textura homofónica ou canon. Na expresión instrumental, en grupo, utilizaremos-la frauta para pezas sinxelas tanto en ritmos binarios como ternarios.

* Analizar obras musicais, básicas e significativas co fin de apreciálas.

NOTA: Entendemos dende este Departamento esa análise como unha escoita reflexiva que lles permita o recoñecemento e discriminación auditiva dos elementos básicos da música. (Distinguir si o fragmento é polifónico, monódico ou homofónico, textura, carácter, tímbrica, título, autor, xén ero ou estilo e saber situar esas audicións nunhas coordenadas xeográficas e históricas).

Valorar a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a expresión musical.

NOTA: Un silencio fundamental á hora de executar música en grupo, pero tamén nas explicacións cotiás na aula. A falta de apreciación do silencio é unha realidade común en case tódolos grupos. polo s, sen embargo debemos co n siderar que a int err upción do “silencio” n u nh a execución vocal, instrumental e de movemento implica un fallo na execución e, polo tanto, debe ser corrixido na mesma medida que calquera outro erro.

* Utilizar de maneira autónoma e creativa diversas fontes de información (partituras, medios audiovisuais...) para o coñecemento e goce da música, e aplica-la terminoloxía apropiada para comunicalas propias ideas e explica-los procesos musicais.

NOTA: Procuraremos dende este Departamento amosar ó alumnado o maior número de fontes de información mais alá da partitura ou do libro de texto. (Internet, blogs... o noso proxecto premiado pola Fundación Barrié de la Maza, «A cidade galega dos músicos»). (Ver PLAN TIC)

* Aprender a elaborar xuízos e criterios persoais mediante unha análise dos diferentes usos sociais da música.

* Coñecer os principais períodos históricos da Historia da música, con especial atención ao contexto social, autores e obras.

4. Concreción dos Estándares de aprendizaxe: temporalización, contidos mínimos e criterios de avaliación

Os contidos agrúpanse en BLOQUES, pero tal e como dí a lexislación, isto non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas no noso quefacer diario, na clase, os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas a que van dirixidos.

A continuación nomeamos, tamén, o nome dos temas por Avaliacións.

	Taller 1.- Elementos para el análisis musical: Cualidades do son: altura, duración, intensidade e timbre. Elementos musicais: Melodía, ritmo, textura, dinámica y color. Forma, xénero e estilo. Notación musical. Historia e práctica. <u>Os orixes da música. Civilizacións e culturas antigas (desde el 3000 A.C aprox.) Primeiros documentos musicais escritos</u>. APRENDIZAXE MEMORISTICA. Vocabulario y resúmenes.
2ª Avaliación	Taller 2. <u>Idade Media (600-1400 APROX).</u> Formas, xéneros, estilos, obras e autores. Cualidades do son (II). As familias de instrumentos. Especial himnos. Taller 3. <u>" Renacemento (14 00 -1600 aprox).</u> Formas, xéneros, estilos, obras e autores. Cualidades do son (III). T ipos de voces. Outras agrupacións instrumentales. Violín "Guarneri". Juanito "nuestro Mozart". Melodías para frauta e/ou instrumentos Orff (segundo os tres pasos da aprendizaxe). APRENDIZAXE MEMORÍSTICA. Vocabulario y resúmenes. Melodías segundo os 5 pasos para a aprendizaxe dunha canción. Canción de entroido. Taller 4.-Primera Parte-. Barroco. (1600-1750 aprox). Formas, xéneros, estilos, obras e
3ª Avaliación	Taller 4- Segunda Parte- Barroco. (1600-1750 aprox). La tonalidad menor. Voces especiales. Taller 5- Preclasicismo (1720-1760 aprox)-Clasicismo (1750-1820 aprox). Formas, xéneros, estilos, obras e autores. A danza. Melodías para frauta e /ou instrumentos orff segundo os tres pasos da aprendizaxe. APRENDIZAXE MEMORÍSTICA. Vocabulario e resúmenes. Taller 6."<u>Romanticismo 1820-1900 aprox) e música contemporánea (S.XX e XXI): Formas, xéneros, estilos, obras e autores.</u>

1ª Avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

Elementos da representación gráfica da música. Colocación das notas no pentagrama en clave de sol, e estruturas binarias ternarias e cuaternarias (I). B.1.1.

A textura (I). B.1.2.

Principios básicos dos procedementos compositivos e formas de organización musical (I) B.1.3.

Creación de cancións e pezas instrumentais básicas. Inclúe letra. (I) B.1.3.2.

Execución vogal cunha correcta emisión da voz. B.1.4.2.

Práctica instintiva da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. B.1.5.

Fomento da sensibilidade estética. B.1.9.

Control de emocións na práctica instrumental ou vocal. B.1.11.

Práctica das pautas básicas da interpretación en obras históricas. (B.1.12.)

Bloque 2. Escoita.

Instrumentos e tipos de voces. (I) B.2.1.

Audicións co apoio da partitura. B.2.2.

Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. B.2.3.

Elaboración de xuízos e opinións musicais determinando a época ou cultura á que pertencen as obras escoitadas (I). (B.2.4.)

Música en vivo (I) (B.2.6.)

Elementos dunha obra: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica. (B.2.7.)

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (B.3.1.)

Análise da música en diversos espectáculos e producións audiovisuais. (B.3.4.)

Diferentes fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais. (B3.5.)

Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental. (B3.7.)

Épocas da historia da música (I): Características principais, autores/as significativos, audicións de apoio á partitura e interpretación de pezas ou fragmentos de distintas épocas.(B3.8.)

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. (B3.9.)

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.(B3.10.)

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

Coñecemento ao través do ordenador do profesor dalgunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías. «A cidade dos músicos» premio Fundación Barrié de la Maza.(B4.1.)

Participación na gravación musical.

2ª Avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

Elementos da representación gráfica da música.Colocación das notas no pentagrama en clave de sol, e estruturas binarias ternarias e cuaternarias (II).B.1.1.

A textura (I).B1.2.

Principios básicos dos procedementos compositivos e formas de organización musical ao longo da historia (II) B1.3.

Creación de cancións e pezas instrumentais básicas. Inclúe letra. (II) B1.3.2.

Execución vogal cunha correcta emisión da voz. B1.4.2.

Práctica instintiva da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. B1.5.

Fomento da sensibilidade estética. B1.9.

control de emocións na práctica instrumental ou vocal.B1.11. Práctica das pautas básicas da interpretación. (B1.12.)

Bloque 2. Escoita.

Instrumentos e tipos de voces. (II) B2.1.

Audicións co apoio da partitura. B2.2.

Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.B2.3.

Elaboración de xuízos e opinións musicais determinando a época ou cultura á que pertencen as obras escoitadas (II). (B2.4.)

Música en vivo (II) (B2.6.)

Elementos dunha obra: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica. (B2.7.)

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (B3.1.)

Análise da música en diversos espectáculos e producións audiovisuais. (B3.4.)

Diferentes fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais. (B3.5.)

Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental. (B3.7.)

Épocas da historia da música (II): Características principais, autores/as significativos, audicións de apoio á partitura e interpretación de pezas ou fragmentos de distintas épocas.(B3.8.)

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. (B3.9.)

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.(B3.10.)

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

Coñecemento ao través do ordenador do profesor dalgunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías. «A cidade dos músicos» premio Fundación Barrié de la Maza.(B4.1.)

Participación na gravación musical.

3ª Avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

Elementos da representación gráfica da música.Colocación das notas no pentagrama en clave de sol, e estruturas binarias ternarias e cuaternarias (III).B.1.1.

A textura (III).B1.2.

Principios básicos dos procedementos compositivos e formas de organización musical(III) B1.3.

Creación de cancións e pezas instrumentais básicas. Inclúe letra. (III) B1.3.2.

Execución vogal cunha correcta emisión da voz. B1.4.2.

Práctica instintiva da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación con obras da historia da música. B1.5.

Fomento da sensibilidade estética. B1.9.

control de emocións na práctica instrumental ou vocal.B1.11. Práctica das pautas básicas da interpretación. (B1.12.)

Bloque 2. Escoita.

Instrumentos e tipos de voces. (III) B2.1.

Audicións co apoio da partitura. B2.2.

Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.B2.3.

Elaboración de xuízos e opinións musicais determinando a época ou cultura á que pertencen as obras escoitadas (III). (B2.4.)

Música en vivo (III) (B2.6.)

Elementos dunha obra: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica. (B2.7.)

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (B3.1.)

Análise da música en diversos espectáculos e producións audiovisuais. (B3.4.)

Diferentes fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais. (B3.5.)

Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental. (B3.7.)

Épocas da historia da música (III): Características principais, autores/as significativos, audicións de apoio á partitura e interpretación de pezas ou fragmentos de distintas épocas.(B3.8.)

Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. (B3.9.) Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.(B3.10.)

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

Coñecemento ao través do ordenador do profesor dalgunhas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías. «A cidade dos músicos» premio Fundación Barrié de la Maza.(B4.1.)

Participación na gravación musical.

5. Contidos mínimos

Para aprobar a materia de música hai que demostrar a superación do proceso de AVALIACION CONTINUA, garantindo, cando menos, a adquisición destes 11 CONTIDOS MÍNIMOS:

1. Recoñece alomenos a metade dos compositores, obras e TÍTULOS traballados na clase.
2. Resposta con CORRECCION alomenos a metade das preguntas TEORICAS plantexadas ao longo das diferentes probas escritas do curso.
3. Amosa de xeito INDISCUTIBLE que practicou o suficiente- as probas INSTRUMENTAIS- flauta e/ou ORFF- do cal se deduce, cando menos, un resultado ACCEPTABLE.
4. Coñece SEN DUBIDAR as notas da escala de DO MAIOR, NOMEÁNDOAS con certa rapidez.
5. Amosou interese polas actividades PRÁCTICAS plantexadas tanto individuais coma en grupo.
6. Recoñece visualmente e pode practicar co corpo, os RITMOGRAMAS mais basicos do “BAUL DE RITMOS”.
7. Participa, na mesma medida que os seus/as suas compañeiros/as nas actividades de CANTO.
8. Esforzase , de xeito INDISCUTIBLE, en ENTOAR, aínda que non obteña o resultado axeitado.
9. É consciente da importancia do silencio nas actividades de ditado, canto ou instrumentais.
10. Entrega TODOS os traballos solicitados, aínda que non sexa ben feitos.
11. Ten unha visión global e clara dos principais períodos da Historia da Música, coñecendo o nome e obras dos compositores máis relevantes.

Debido ó protocolo do COVID 19, vanxe restrinxir as actividades de flauta e canto ata que a situación epidemiolóxica o permita, e se poida voltar á unha normalidade que permita o desenvolvemento total desta programación na aula.

6. Criterios de avaliación.

Bloque 1. Interpretación e creación.

B1.1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol; duración das figuras, signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.)

B1.2. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical especialmente o da TEXTURA utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

B1.3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.

B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros.

B1.6. Participar activamente e con iniciativa nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuindo ao perfeccionamento da tarefa en común.

B1.7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

Bloque 2. Escoita.

B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as agrupacións.

B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

B2.4. RECOÑECER auditivamente determinando a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais. (Tamén obras e autores)

B2.5. Identificar e describir (ritmo, melodía ,textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada e

Bloque 3. Contextos musicais e culturais.

B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.

B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias referencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respetuosa.

B3.3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.

B3.4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.

B3.5 Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.

B3.6. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

Bloque 4. Música e tecnoloxías.

B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.

B4.2 Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos na casa para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

7. Metodoloxía didáctica.

Puntos do método:

A) A educación musical contribúe ó desenrolo de diversas facultades do neno, que non so afectan ás súas aptitudes especificamente musicais, senón ás súa percepción en xeral, á súa capacidade de concentración, ós seus reflexos condicionados, ó seu horizonte emocional, e á súa cultura física.

B) A canción e o movemento rítmico- pes, palmas,pitos, xeonllos- deben ir xunto ós contidos teóricos.

C) A preocupación de non poñer ós nenos en contacto con músicas de inferior calidade algo que xa debería empezar na Educación infantil-, xa que cando sexan adultos será demasiado tarde. Para os nenos só o bo é o mellor. Só por medio de obras mestras chegarán ata as obras mestras.

D) A participación activa é o mellor camiño para coñece-la música. E) As bases da cultura musical radican na escola.

F) O canto diario e a execución instrumental -fauta , carillón e instrumentos ORFF- , xunto ó exercicio físico tamén a diario, desenrola igualmente o corpo e a mente do neno.

G) O pracer que se deriva do esforzo de conseguir unha boa música colectiva, proporciona homes e mulleres felices e disciplinados.

H) A fauta e o carillón é un bo sistema para axusta-lo son das notas musicais á hora de cantar.

I) Os contidos actitudinais son en realidade máis importantes que os conceptuais e procedimentais, aínda que non sexan valorados numericamente na mesma medida.

J) A lectura musical incluírá ,por parte do profesor, a fononimia e os signos manuais de Curwen.

- K) Seguiremo-la metodoloxía, en suma, aprendida en Hungría ó través do método Kodaly.
- L) Tentaremos o tratamento transversal ligados á educación en valores e o respecto ao medio ambiente seguindo o proxecto educativo do centro, cos seus valores, obxectivos e prioridades de actuación.
- M) Tentaremos adquirir compromisos coas familias e co propio alumnado, nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.
- E) Practicaremos na aula, entre todos, a tolerancia, a cooperación e solidariedade entre os/as alumnos/as, o diálogo -na medida en que a actual masificación do IES «As Telleiras» o permita-, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, preparándoos para o exercicio da cidadanía democrática.
- F) Rexeitar a discriminación das persoas e do alumnado por razón de sexo, condición sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- G) Afrontar os conflitos dentro dun esquema no que TODOS gañemos, e ninguén perda.
- H) Loita contra a piratería: TODO o material, absolutamente TODO é material ORIXINAL propiedade do Departamento ou do profesor. De xeito anecdótico díselles aos nenos que si atopan na aula algún obxecto pirata terían 1 punto máis na nota final. Non o atoparán. Creemos firmemente nos dereitos de autor e tentamos formar na loita contra o PLAXIO.

8. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de 3º ESO será continua, formativa e integradora. Neste proceso estableceranse medidas de reforzo educativo (Ver máis adiante). O profesor de música avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado (a continuación) como os procesos de ensino e a súa práctica docente, reflectidos no desenrolo de cada TEMA.

Instrumentos de avaliación.

Velaquí explicitamos as porcentaxes acordadas no Departamento Didáctico de Música:

- **Proba escrita: 50%** . Avaliará os estándares de aprendizaxe relacionadas cos bloques I,II,III e IV de cada avaliación, anteriormente reseñados.
Instrumento de avaliación: Proba obxectiva sobre os contidos impartidos durante o trimestre.
- Na proba escrita da 1ª avaliación incidirase nos conceptos básicos da linguaxe musical e a súa aplicación como elementos fundamentais para a análise musical.
- Nas probas escritas da 2ª e 3ª avaliación incluírase a análise e comentario das audicións e elementos fundamentais da música, e a súa linguaxe (melodía, ritmo, textura, dinámica, color, forma, xénero, estilo, contexto histórico, etc...)
- **Traballo na aula: 30%**
- Libreta de clase: Nel recolleráanse, expostos con claridade e orden, os contidos traballados diariamente na clase.
- Conceptos e fundamentos teóricos estudados.
- Audicións escoitadas na clase (título, autor, estilo, etc...) cos respectivos comentarios e análise de cada unha delas.
- Aportacións persoais do alumno: valoracións, ilustracións, cadros sinópticos e comentarios propios, etc...
- **Traballos e tarefas na casa: 20%**
- Traballos de formato libre (PDF, Word, Power Point, manuscrito, etc...) de ampliación dos contidos ou de resumo dos mesmos, ou dalgún tema específico (unha obra, un autor, unha época ou estilo, etc...)
- Pódense facer individualmente ou en grupo e valorarase especialmente a súa presentación persoal na clase.

Avaliación inicial.

Establécese unha proba escrita de avaliación inicial para todo o alumnado de 3º ESO coa finalidade de
IES Sánchez Cantón. Departamento de Música. Curso 2021-2022

coñecer cales son as súas competencias e os seus coñecementos previos. A proba levarase acabo dentro das tres primeiras semanas iniciais do curso. Da análise dos resultados derivarase a adopción de medidas de atención á diversidade non significativas correspondentes. En todo caso, através da parte de interpretación da materia repasaranse os contidos correspondentes de linguaxe musical. A sección de Historia da Música de 3º da ESO non está conectada cos contidos traballados en cursos anteriores polo que non son precisos coñecementos previos susceptibles dun reforzo ou implementación no presente curso. De todos os xeitos cada tema de historia da música comeza cunha contextualización ou introducción histórica na que sí se poderían valorar os seus coñecementos previos, obtidos, neste caso, a través da materia de xeografía e historia.

Cualificación final: O alumno pode obter unha cualificación de 0 a 10 en cada trimestre. Non se fará media ponderada a final de curso si a cualificación de algún dos trimestres é inferior a catro puntos. O alumno aprobará o curso se obtén unha nota media igual ou superior a 5 puntos.

Normas de obrigado cumprimento para obter unha avaliación positiva na materia:

- Superar todas as avaliacións
- A calificación mínima para aprobar será de 5 sobre 10
- Non facer algunha das probas ou traballos encomendados conlevará a avaliación negativa na materia.

Probas extraordinarias: Aqueles alumnos que non tiveran superado a materia tras a avaliación ordinaria de xuño, deberán presentarse as probas finais extraordinarias que terán lugar os días 20-21-22 de xuño e consistirán na realización tan só dun exame escrito o cal incluíría todo o traballado durante os tres trimestres. O exame tería similares características aos realizados durante o curso. Trátase dunha proba teórica sobre cuestións relativas á historia da música e análise de dous audicións escollidas polo profesor entre as traballadas na aula (do período comprendido entre a Idade Media e a música contemporánea). Para superar a materia será preciso obter un 5 no exame.

9. Actividades de recuperación

O alumno que non supere unha avaliación, na seguinte poderá recuperala con actividades xa que a avaliación é continua. Estas actividades consistirán nunhas fichas de traballo proporcionadas aos alumnos sobre os contidos traballados na clase. Os boletíns de actividades da 1ª avaliación centraranse nos elementos para o análise musical e as músicas das civilizacións e culturas antigas. Na 2ª avaliación, os boletíns terán actividades relacionadas coa música na Idade Media, Renacimiento e Barroco; e na 3ª avaliación traballarán o Clasicismo, Romanticismo e a música contemporánea dos séculos XX e XXI. Se non obtivera unha avaliación positiva nalgún dos trimestres, o alumno poderá recuperar esa avaliación presentándose a un exame final en xuño para a recuperación das avaliacións suspensas tendo a proba características similares ás realizadas en cada trimestre.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

A persoa encargada do seguimento dos alumnos con materias pendentes será a Xefa do Departamento, a profesora Soledad Estévez Vila, que dende comezo de curso estará en comunicación co alumnado e as familias para informarlle das datas dos exames, das datas de entrega de actividades de preparación e repaso dos contidos dos que se van examinar e da información do progreso do alumno.

O exame dos alumnos pendentes constará de tres probas, unha en xaneiro, outra a principios de abril e outra entre o 18-20 de maio, entre as que se dividirán os contidos da materia, lóxicamente referidas ó programa oficial que se cita na programación e que serán cualificadas de un a dez. Se un alumno non superase a cualificación de apto no primeiro exame, poderá engadirse no segundo algunha cuestión da primeira parte, que favoreza así a súa recuperación.

Antes de cada proba, o alumno levará unhas actividades de preparación e repaso dos contidos dos que se van a examinar, fixando unha data entre a profesora e o alumno para a entrega e a resolución de calquera dúbida que poida xurdir.

Os exames serán cualificados de 0 a 10 e os alumnos poderán ver o(s) exercicio(s) unha vez corrixisos.

Realizarase un seguimento personalizado das tarefas encomendadas aos alumnos .As datas establecidas pola xefatura de estudos para as probas de recuperación de pendentes servirán de referencia para a distribución das tarefas ao longo do curso. A avaliación final ordinaria terá lugar o 6 de xuño.

10. Contribución ao Proxecto Lector (concreción dos elementos transversais)

En 3º ESO... Adicaremos especial interese á lectura dos apartados relativos a teoría da Linguaxe musical e os períodos artístico-musicais de xeito activo (en voz alta) por parte do alumnado. Asimesmo tamén procederase á lectura de noticias ou artigos de actualidade recollidos nos xornais ou revistas especializadas. Ó rematar o profesor fará preguntas para recoñecer-lo grao de entendemento do lido , así como para clarexar e ampliar os conceptos. Trátase de que queden asimilados os conceptos lidos por eles e clarexados e ampliados pola profesora, así como garantir tanto a lectura como a resposta ás preguntas a TODO o alumnado. Temos unha «xoia» neste curso que se chama

«Historia da música para nenos» de Editorial Siruela. Este libro de lectura é tan extraordinario que non dubidamos á hora de facer del o noso libro de texto. Aos nenos incidímoslle nas bondades do mesmo, aconsellándoos que o coiden porque debe formar parte da biblioteca familiar pois NUNCA pasará de moda e sempre será de utilidade para calquera irmá , familiar e mesmo cando eles mesmos sexan pais e nais!

Este ano, ó igual que nos últimos 9 , levaremos a cabo lecturas en voz alta dos contidos teóricos de linguaxe musical e nocións histórico-musicais básicas. O través dun xogo, os alumnos irán acadando punto ras responder acertadamente ás distintas preguntas de diferente dificultade que o profesor formule tras a lectura atenta deles. Ademais , no caso de non sabe-la resposta habería rebotes que o “preguntado” encargaríase de facer “rebotar” a quen el /ela quixera . En calquera caso trátase de que queden asimilados os conceptos lidos por eles e clarexados e ampliados polo profesor, así como garantir tanto a lectura como a resposta ás preguntas a TODO o alumnado. Tamén pediremos facer resumo de cada conto co que comeza cada tema.

Asemade, continuaremos participando de xeito activo no programa de LECTURA na AULA creado pola compañeira Dona Maite Couso e que nos ÚLTIMOS cursos tivera grande éxito e valoración por parte do alumnado. Tanta importancia lle damos a esta actividade que non traer o libro de lectura na “Hora de lectura” é considerado como NON TRAER MATERIAL Á MATERIA DE MÚSICA e da mesma forma **son avisados os pais**.

Contamos cunha pequena biblioteca na AULA DE MUSICA para os/as nenos/as que esqueceron o seu libro de lectura para a «Hora de ler».

Asemade, como se pode ver temos PROBAS ESPECÍFICAS EN TODAS AS EVALUCIÓNS DA MATERIA DE MÚSICA para valorar a COMPETENCIA LINGÜÍSTICA. Trátase de concienciar ao alumnado da importancia da lectura seguindo a teoría de que o que non se avalía non é considerado igual de importante que o que si.

Estamos, en fin, sempre dispostos a colaborar en canto se nos plantexe neste eido, conscientes da importancia de fomentar HABITOS de lectura nos nosos alumnos.

11. Contribución ao Plan de Integración das TICs (concreción dos elementos transversais)

En 3º ESO somos conscientes de que a música contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital. Por iso, encargámonos de amosar a diario, aos

nosos alumnos, que os recursos tecnolóxicos posibilitan un acercamento moi fructífero á música. Esta realidade non é allea a uns rapaces para os que a palabra Ipad, Ipad, Mp4... e sinxelos programas e aplicacións de hardware e software forman parte do seu vocabulario, pois son realidade do seu ocio. Por iso, “aproveitándonos” desta realidade non dubidamos e recomendar páxinas web que deben consultar na biblioteca ou na súa casa. Asemade, na clase, con orgullo podemos dicir que non hai nin un só día no que non nos conectemos á internet para amosar algún contido do día. Hoxe, non chega con saber o nome das cousas, hai que velas, e, ademais, dende a nosa materia, escoitalas: así sexa o son dunha balea ou unha pega, ou mesmo o Requiem de Brahms. Temos conectado o noso ordenador coa televisión de 42 pulgadas e/ou con CANON con pantalla de proxección, de tal xeito que o que eu decida poda ser visto con claridade polo resto da clase. Outra aplicación de Internet é a posibilidade de comparar as obras escoitadas en clase ou en casa con outras que se atopan dispoñibles na rede: Este traballo é moi útil sobremaneira, á hora de practicar os exames de FRAUTA e interpretación vocal.

12. Materiais e recursos didácticos

Os recursos didácticos e materiais con que contaremos este curso son o ordenador, proxector e pantalla táctil, plataforma EDIXGAL para os alumnos de 3º ESO ; Fichas de traballo entregadas polo profesor; e NON HAI LIBRO DE TEXTO OBRIGATORIO EN NINGÚN NIVEL.

Este ano, contaremos de novo co Aula de Música (o pasado curso foi aula de grupo) e si as circunstancias nolo permiten, intentaremos tocar de novo os instrumentos Orff.

13. Actividades complementarias e extraescolares

No curso 2021-2022 non hai actividades complementarias e extraescolares programadas como consecuencia da pandemia causada polo Covid-19. De tódolos xeitos, participaremos nas actividades propostas pola Biblioteca e outros Departamentos con actuacións musicais dos nosos alumnos sempre que as autoridades sanitarias o permitan.

Outras actividades relacionadas coa nosa materia, que xurdan ao longo do curso, as notificaremos a Vicedirección para a súa aprobación e autorización polo Consello Escolar.

14. Medidas de atención á diversidade

Sendo conscientes de que non todos os alumnos tiveron a mesma formación musical na Etapa Primaria, tentaremos detectar aquelas lagunas no proceso de aprendizaxe atribuíbles a unha falta de coñecementos previos e darlle un reforzo educativo específico a cada alumno/a. (Este reforzo especialmente necesario nas bases da linguaxe musical e na aprendizaxe das posicións dos dedos na frauta).

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas esas carencias.

Estaremos pendentes de canta información neste eido nos sexa plantexada dende o Departamento de Orientación e colaboraremos activamente da mellor maneira que podamos e saibamos.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos que precisen, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais...

As medidas que levaremos a cabo serán:

- buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor e, na medida do posible, o lado de compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e axuda.

- Atención e seguimento individualizado. Comunicación individualizada(falarlle baixiño, mirándolle a cara). Supervisión constante.
- Valoración positiva do seu esforzo
- Utilización de estímulos visuais.
- Axuda na organización das tarefas(axenda do alumno)
- Información sobre o modelo de exame.
- Non realizar exames nas últimas horas da mañá.
- Exames curtos, con preguntas pechadas, de completar ou de resposta curta;
- Traballos tipo presentación ...
- Estimulación e valoración das súas capacidades cara a exigencia no seu traballo persoal e aproveitamento das mesmas para o traballo colaborativo (Alumnado de altas capacidades).
- Involucrar ó alumno en tarefas de resolución de problemas que requiran niveles elevados de pensamento (altas capacidades)

Ao longo do curso, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo todas as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento destes/as alumnos/as».

15. Criterios para avaliar a programación

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES Sánchez Cantón para avaliar a programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.
- 2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica

Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

Os tres aspectos analízanse a través do documento AVALIACIÓN DOS PROCESOS DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE que todos os membros do Departamento cobren nas avaliacións correspondentes e que é obxecto de reflexión nas reunións de departamento posteriores.

16. Plan de reforzo para alumnos repetidores

Sen que supoña unha adaptación específica e complexa da programación didáctica para os alumnos repetidores, serán tidas en conta certas circunstancias académicas e persoais, nas que se contemplará un reforzo dos aspectos concretos da metodoloxía pedagóxica proposta, así coma dos criterios de avaliación; cara a unha maior integración do alumno na súa nova circunstancia e a consecución das

competencias básicas a través dos estándares de aprendizaxe prefixados. Estas medidas de reforzo variarán segundo os seguintes casos:

- O número de materias que ocasionaron a repetición do curso.
- Se entre estas materias encóntrase a propia materia de música.
- A relación directa das materias non superadas coa adquisición das competencias básicas
- O grado de adaptación do alumno e a súa disposición e interese para aceptar e aproveitar calqueira actuación ou medida de reforzo educativo.

Segundo estos criterios tales medidas iránse concretando necesariamente co desenvolvemento do curso, a partires da avaliación inicial o no seu caso do informe do tutor e sempre coa súa colaboración, e poderán abarcar dende adaptacións curriculais persoais ata traballo específico na clase ou modificacións parciais dos criterios auditivos para, como xa se dixera, facilitar a superación do curso en canto aos estándares de aprendizaxe ea adquisición das competencias básicas propias do mesmo.

Estas propostas serán adaptadas en cada curso e ao nivel académico de cada etapa educativa.

17. Medidas educativas no contexto da Covid-19.

O presente curso 2021-22, manteranse as medidas implementadas no curso 2020-21 (especificadas nas instrucións do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación) debido á situación xerada pola irrupción da pandemia do COVID-19.

Nas instrución do 30 de xullo de 2020 sobre as medidas educativas que deben adoptarse neste presente curso, estableceuse que as programación didácticas elaboraranse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria. Neste senso o departamento ten preparado os canles e medidas pertinentes para facer chegar ó alumnado as modificacións nas programación didácticas que sexa preciso facer, no seu momento, para seguir deste modo as instrucción concretas que as autoridades educativas nos fagan chegar.